



EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA  
PONTEVEDRA

## **DECRETO DE CONVOCATORIA DE SESIÓN**

*Nº 229/2013*

**ÓRGANO: CONCELLO PLENO**

**TIPO DE SESIÓN: ORDINARIA**

De conformidade coas atribucións conferidas nos artigos 21.1.c) da Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local, 61.1.c) da Lei galega 5/1997 de Administración Local e 41.4 e 77 e ss. do RD 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Vista a Nota de Secretaría de 4 de marzo de 2013.

Esta Alcaldía procede a convocar sesión do **PLENO** a celebrar o vindeiro **XOVES 7 de marzo de 2013**, ás **20:30** horas, no salón de sesións da Casa do Concello.

A Orde do Día é a que segue:

### **A) PARTE RESOLUTORIA**

1º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 31 DE XANEIRO DE 2013.

2º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 7 DE FEBREIRO DE 2013.

3º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, RELATIVO ÁS RECLAMACIÓN CONTRA O ORZAMENTO MUNICIPAL 2013

4º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, RELATIVO Á APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2013

5º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE BENESTAR SOCIAL, RELATIVO A DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DA ESTRADA CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DA MULLER

6º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE MEDIO RURAL RELATIVA A DESAFECTACIÓN DE ANACO DE CAMIÑO PÚBLICO NO LUGAR DE SIEIRO

### **B) PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN**

7º.-DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 31 DE XANEIRO DE 2013, ÁMBOLOS DOUS INCLUÍDOS.

8º.-ROGOS E PREGUNTAS.

O punto 5º (desafectación de anaco de camiño público no lugar de Sieiro) inclúese na orde do día a pesares de non contar con Ditame da correspondente Comisión Informativa (de Rural e Medio Ambiente). É intención que se celebre no mesmo día de hoxe Comisión Informativa de Rural e Medio Ambiente para tratar o asunto, pero o certo é que dita sesión non terá lugar ata despois de feita a convocatoria da sesión plenaria.



EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA  
PONTEVEDRA

Non obstante, resulta posible a inclusión do punto na orde do día da sesión plenaria, segundo as previsións do artigo 82.3 do RD 2568/1986, e tendo en conta que a inclusión obedece ás seguintes razóns de urxencia: evitar a demora innecesaria no procedemento e polo tanto prexuízo ó interesado

Asemade, e tamén de conformidade co previsto no artigo 82.3, non se adoptará acordo algún sobre o asunto, sen que previamente o Pleno ratifique a súa inclusión na orde do día

A Estrada, 4 de marzo de 2013

O ALCALDE

Vº, O SECRETARIO

Asdo.: José Carlos López Campos

Asdo.: José Naveira González